



PR945C - INFORMACIÓN BÁSICA PARA O SOLICITANTE

OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

- O desenvolvemento de actividades deportivas.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- **Prazo:** do 03.02.2026 ao 02.03.2026
- **Forma:** a través da sede electrónica: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR945C&ano=2026&numpub=1&lang=gl>

REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

- Estar inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e ter os datos actualizados da xunta directiva.
- Estar inscrita na aplicación Actfis-Galicia Activa <https://actfis.xunta.gal/index.php?menu=login>
- Ter aprobado o Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte, e ter á persoa designada como Delegada de Protección correctamente inscrita no Rexistro:
 - Texto do protocolo e procedemento de inscrición: <https://deporte.xunta.gal/gl/inscripcion-protocolo-proteccion>
 - Vídeo xornadas formativas 2024: <https://deporte.xunta.gal/gl/protocolo-proteccion-tna>
 - Preguntas frecuentes sobre o protocolo: <https://deporte.xunta.gal/gl/preguntas-frecuentes-protocolo-proteccion-tna>
- Non ter sanción federativa no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.
- Non discriminar nos premios ou recoñecementos que outorguen ás persoas deportistas por razón de xénero.
- Non concorrer nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES (para máis detalle ver artigo 15 das bases)

- LIÑA I → gastos derivados da participación en competicións (2025) → licenzas federativas, seguros deportivos, inscricións en competicións, arbitaxes, adestradores/as, transporte, manutención e aloxamento, material deportivo non inventariable (balóns, equipacións/roupa de xogo/adestramento, etc.), produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias, alugamento de instalacións deportivas para adestramentos ou competicións, contratación de persoal, servizos de profesionais de apoio ao rendemento (médico, fisio...).
- LIÑA II → ademais dos conceptos anteriores, gastos correntes do núcleo (entre 01.12.2025 e 30.11.2026).

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- OBRIGATORIO (Liña I e II) → Solicitud (anexo II); cóbrese directamente na sede electrónica)
- OPCIONAL (só Liña I) → Certificación de participación na actividade "Coñece o meu club" 2025 (anexo III); debe asinala o centro educativo (e logo axuntar coa solicitude).
- Poder de representación, no caso de que non sexa o presidente/a da entidade quen actúe como representante na tramitación deste procedemento <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>

CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES (artigo 8 das bases)

• LIÑA I:

Criterios deportivos (tempada 2025 ou 2024/25):

- A) Relevancia da actuación deportiva da entidade: **ata 40 puntos**
 - a1) Deportes de competición principal tipo liga: nivel da liga na que participa en categoría absoluta (1ª div., 2ª div...).
 - a2) Deportes de competición tipo proba puntual ou concentrado: pódiums na clasificación final dos campionatos de España de categoría absoluta.
- B) Licenzas de deportistas e adestradores/as: **ata 45 puntos**
- C) Nº de equipos da entidade de categoría infantil e cadete das especialidades de formato de competición principal tipo liga, que participen en ligas regulares autonómicas con equipos de polo menos tres provincias galegas no seu grupo durante a fase regular: **ata 12 puntos**
- D) Participación nas principais competicións de ámbito nacional: **ata 10 puntos**
- E) Deportistas participantes coa selección española (categoría absoluta e anteriores): **ata 5 puntos**
- F) Por encontros fóra de Galicia en fases de ascenso a ligas de ámbito supraautonómico: **ata 20 puntos**

Criterios non deportivos:

- G) Actuacións en prol da igualdade de homes e mulleres no deporte e contra a violencia machista: **ata 3 puntos**
- H) Por ser unha muller quen ocupe a presidencia, vicepresidencia, secretaría xeral ou tesoureiría da entidade: **1 punto**
- I) Pola actividade "coñece o meu club": **1 punto**
- J) Por non ter a sede social nunha instalación pública, ou estando nela, implique unha prestación económica: **1 punto**

• LIÑA II:

- A) Nº de deportistas DGAN, DAR e DRBase: **ata 40 puntos**
- B) Resultados e participación en competicións nacionais e internacionais: **ata 20 puntos**
- C) Nº de adestradores contratados: **ata 20 puntos**
- D) Proxecto deportivo e orzamentario: **ata 20 puntos**

CONTACTO Servizo Provincial de Deportes de:

	A CORUÑA	881 960 773 / 771	deportes.coruna@xunta.gal
	LUGO	982 294 568	deportes.lugo@xunta.gal
	OURENSE	988 386 050 / 046	deportes.ourense@xunta.gal
	PONT./VIGO	886 218 281 / 282	deportes.vigo@xunta.gal



SOBRE A INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E A RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Tódalas entidades solicitantes serán informadas vía correo electrónico de toda a información que se vaia publicando ao longo da instrución do procedemento. Recórdese a importancia de escribir correctamente o e-mail e teléfonos de contacto na solicitude, así como de que sexan válidos durante todo o período que dura a instrución.

As actuacións básicas a levar a cabo pola Secretaría Xeral para o Deporte dende a publicación da convocatoria das subvencións ata a súa resolución definitiva son as seguintes:

↓1º

Publicación da convocatoria e das bases no DOG
1 mes de prazo para presentar solicitudes

↓2º

Rematado o prazo de solicitudes e, unha vez revisadas, publicarase no DOG a relación de solicitudes admitidas, as suxeitas a emenda e as inadmitidas
10 días de prazo para emendar erros ou achegar documentación

↓3º

Ao mesmo tempo, a S.X. para o Deporte remitiralle ás federacións a relación de solicitantes da súa modalidade, para que certifiquen os datos deportivos que serán obxecto de valoración
10 días para que as federacións acheguen os datos

↓4º

Publicación dos datos certificados polas federacións de cada unha das entidades solicitantes na páxina web da S.X. para o Deporte, aos efectos de que os interesados, poidan presentar alegacións
5 días de prazo

↓5º

Envío das alegacións á correspondente federación para a súa revisión e, no seu caso, modificación da certificación inicial
3 días de prazo para a súa revisión/modificación pola federación

↓6º

Recibidas as modificacións e actualizados os novos datos, procederase á valoración definitiva das solicitudes e á publicación no DOG da listaxe coas subvencións concedidas, as solicitudes denegadas por non acadar a puntuación mínima e as solicitudes inadmitidas.

↓7º

Pagamento

As entidades beneficiarias da liña I dispoñen dun mes para solicitar o pagamento (anexo IV e V)
Na liña II o prazo esténdese ata o 1 de decembro